

RUBAIYAT

~

Omar Khayyam

Versión e debuxos: Correa Corredoira



BAÍA EDICIÓN S

PÓRTICO DE PÓRTICOS: SINGULAR RUBÁI

Omar Khayyam (1040-1124) naceu en Naishapur (Korassam), terras persas. Foi un gran mestre en Xeometría, Álgebra e Astronomía, chegando a dirixir a Casa das Estrelas (observatorio de Merv); mais a súa transcendencia pancultural veu pola composición das Rubaiyat, pezas de dous versos con hemistiquio que en Europa se tomaron por cuartetos. A súa vida amósase envolvida na lenda por mor da gran sona de dous compañeiros de estudos: un, Abdul Kassen (despois Nizam al-Mulk), fundou en Bagdad a biblioteca Nizamiyya e construíu o xa citado observatorio de Merv; outro, Hassan Sabbab, alcumado “o vello da montaña”, meteuse cos “haxaxíns” (esbirros bébedos de haxix, de onde provén a palabra ‘asasino’) no Alamut, fortaleza achegada ao mar Caspio; desde alí espallou vinganzas polo orbe. Hai quen o considera fundador do chamado “terrorismo internacional”, mais, para min, os terrores do noso tempo son máis largacíos e diversos: financeiros, medioambientais, produción de armas, fármacos, tóxicos, hidrocarburos, estulticia... O pacto que fixeron estes tres amigos (poeta, místico e guerreiro) cóntao Abdul Kassen no seu libro *Testamentos*.

Pouco máis se sabe con seguranza de Khayyam. O resto é mito: desde o fabular de Borges, pasando polas elucubracións de Burroughs en *O almorzo espido* e *Nova express*, os apuntamentos de Robert Graves na súa versión das cuartetos, o afundimento do manuscrito orixinal dentro dunha caixa de chumbo a bordo do *Titanic*, relatada por Maalouf en *Samarqanda*... Todo un compromiso co mundo, a amada, o viño, corpos celestes, algarismos e grafías, o latexar dun corazón namoriscado no xardín, na taberna ou na biblioteca, toda unha realidade esvaída tras un remuíño de fantasía oriental...

Atopei as *Rubaiyat* cerca de 1969 na feira do libro coruñesa, polo que debería andar vivindo os meus dezaoto anos nun país longamente derrotado polo nacionalcatolicismo, nun ambiente cinsento, mediocre e cruel, onde os libros (mesmo os de autoría española) chegaban editados en México e Argentina, cun aire proscrito. A lectura das quartetas fulminou tanto a miña imaxinación como o meu, aínda tenro, rexistro emocional; trataban dun pracer destemido, dun dionisismo que falaba coa morte con naturalidade e concisión, economía da sintaxe soamente albiscada por min nas *Greguerías* de Ramón e no *Cemiterio mariño* de Valéry, pois daquela descoñecía a Li Po e a Masho Basho. Aquel libriño de Omar Khayyam extraviado ou, máis ben, regalado, pois cando me peaba, case todos os días, sentíame espléndido. Penso agora que debeu ser a tradución de Etchegoyen, editada por Kraft en Buenos Aires a partir da versión francesa de Toussaint, que celebro máis que a irlandesa de Fitzgerald por directa, sinxela e menos erudita; ademais contén cento setenta quartetas polas setenta e cinco da outra, estendendo así a variedade dos temas, organizados nesta impresión noutra secuencia (mais conservando a orixinal numeración acaroada ás pezas): poemas de mocidade, transgresores, de gozo do viño, tabernarios, do paso do tempo, da natureza (no xardín), de amor erótico, de desamor, do ciclo pracer e dor, relación de opostos, da vaidade, teolóxicos, das aparencias, crítica das institucións (en especial da relixiosa), do pasar dos camiñantes pola paisaxe, dos perigos do camiño, da soidade, dos libros, do rodar de vida e morte (no torno do oleiro), da identidade co mundo e de todo con todo, do pasaxeiro, da confusión, da necidade, o destino, a amizade, a humildade e a compaixón, da natureza da morte, da vellez, da derrota, das estrelas, do desexo... Todo un repertorio.

Deste conxunto existencial, tan lírico como filosófico, chámame a atención que precedera, desde o século XI, ao Pórtico da Gloria por exemplo, pois as súas intuicións ecoan librepensamento:

*Pecha o Corán. Pensa libre / dándolle cara ao ceo e á terra; /
e ao pobre, a metade do manto. / Acocha o teu sorriso.*

Ou a supermoral, “Alén do ben e do mal” de Nietzsche:

*Renunciei a saber / do ben e do mal. / Receo da felicidade /
perseguida pola dor.*

*... tristura e ledicia van da man; / e o ben e o mal. Todo o que
nace morre.*

E tamén do seu nihilismo:

... o deserto do nada / medra en todas partes.

Eterno retorno:

... voltarás á terra / como retorna a choiva.

Agnosticismo:

*Pretenden ir polo camiño / do coñecemento, pescudando... /
Algúns din que chegaron. / Penso na ausencia desa vía.*

Relativismo:

*O universo: Poeira no espazo. / O saber dos homes: Palabras. /
Flora e fauna dos sete climas: Sombras. / O proveito da nosa
inquietudanza: Nada.*

Relativismo a través do tempo:

*... que foi de Troia / e Babilonia? Contempla a lúa e lembra /
as civilizacións pasadas polo seu luar.*

E do pensamento pretérito a Khayyam, como Siddhartha Gautama:

Que acontecerá? Os libros calan. / A nada te apegues...

Non atendas a túa dor / e non sufrirás. Pensa en todos / os que padeceron en van / desde a orixe do mundo.

Platón:

... a lúa é a lámpada e o mundo / a tea onde formigan as nosas sombras.

Só vemos aparencias... / Nesta agnosia trabucamos / os manxares coas pezoñas, / o amor coa morte.

O xardín de Epicuro:

As estrelas vértense / no vidrado xardín... / Así cae o viño / na cunca escura.

Onde están os nosos amigos? / Esmagounos a morte? / Sinto as súas cántigas... / Marcharon ou están bébedos?

O ceo non resposta dos favores / nin dos tormentos da ventura. / Nada lle agradezas nin lle censures... / É indiferente ao teu recreo e a túa dor.

Tamén estoicismo:

Que o teu saber / non humille a ningún. / Sorri ao fado aciago. / Ignora os necios.


E bastante humor:

Dis que: “Deus o sabe todo”. / Sabía que bebería viño / cando me criou. Se non bebese / a súa sapiencia marraría.

Para rematar este inicio debo confesar, sen vergoña, o gran deleite que me asistiu ao verter as rubaiyat á lingua rosaliana, cousa que fixen con toda liberdade, pois son versos libertarios e de beleza eterna; ben o merecen. Ao transcribilos recordei a Whitman, Lorca, Cantar de cantares, Xavier Seoane, Samuel Beckett... Pois o faiscar de Omar levábame a esoutras sombras vivas e maxestosas. Cheguei a trocar nomes de cidades e inventar personaxes a pracer e por capricho mudar algún verso de quarteta. Tallei estas rubaiyat no bloque do meu corazón coa teima de abeiralas á nosa época e así facelas máis de noso.

Correa Corredoira

Vilar de Locrendes, 31.1.2010



170 RUBAIYAT

- 11 A MIÑA MOCIDADE PIDE VIÑO!
Escanciádeo! Ese!
Tanto ten que sexa
agre como a vida.
- 13 VELAQUÍ A ESTACIÓN
na que a inquedanza
procura recendos.
Esta flor é o bafo da verdade?
- 14 A ÁRBORE DA CIENCIA
daba figos ou mazás?
Come hoxe os figos
mentres colles as mazás.
- 30 DÍXOME O CORAZÓN: "QUERO SABER, APRÉNDEME!
Ilústrame, Omar, ti que tanto estudaches".
Diteille a primeira letra e interrompeume:
"Xa sei! UN é o primeiro algarismo da cifra sen fin".

- 36 NON SEI SE DEUS SE EXCEDERÍA
ao crear mundo, estrelas,
sorrintes luces, gacelas...
Excedeuse cando creou a dor.
- 43 BEBE VIÑO E VIVIRÁS ETERNO
drogado de xuventude
na estación das rosas...
A vida é un intre.
- 44 BEBE VIÑO, LOGO DURMIRÁS
baixo terra sen música,
sen a compañía dos amigos
e sen o corar da amada.
- 52 SE ENXERTARAS UNHA ROSA NO CORAZÓN
non se perderían os seus latexos.
Brinda coa cunca alzada
sorrindo pracenteiro.

- 93 ESCOITA UN SEGREDO:
Cando a primeira raiola
abordou o mundo, Adán
xa devecía por morrer.
- 95 NON PEDÍN VIVIR.
Quero aceptar todo
o que propón a vida.
E marcharei sen pedilo.
- 98 INTERÉSANME POUCO OS CATRO ELEMENTOS,
os cinco sentidos e os cen enigmas
dos cínicos. Colle o laúde, que as seis cordas
evoquen ao aire que pasa, coma nós.
- 106 O VIÑO DEITARÁ LUZ,
esparexerá néboa
rebordando fogaxe,
fundindo as cadeas.

- 114 TREME A ROSA NOS RECHOUCHÍOS
e unha nube dorme no monte.
O aire esfollará a rosa
e migrarán paxaros e nubes.
- 115 VAGAMOS BAIXO A CÚPULA DA NOITE.
Ben e mal rifan por parvalladas.
A lúa é a lámpada e o mundo
a tea onde formigan as nosas sombras.
- 120 QUE DEVECIDO SERÍA O ACAROAR
de Adán con Eva para facernos
tan agoniados! Podemos afundir,
sondar a noite, perdermos, tanto ten...
- 123 O VIÑO LIBRARATE DOS MEDOS
e das setenta e tres dúbidas.
Non te afastes do dervixe
que te guía ao país do esquecer.

